

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA EXPEDICIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO E TARXETAS DE ACCESIBILIDADE, SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI 10/2014, DE 3 DE DECEMBRO, DE ACCESIBILIDADE.

PREÁMBULO

A mellora da calidade de vida de toda a poboación e, especialmente, das persoas con mobilidade reducida foi un dos obxectivos fundamentais da actuación pública pola que foi aprobada a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, posteriormente desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei e o Código de accesibilidade. Estas normas estableceron as bases para a supresión de barreiras na edificación, os espazos urbanos, o transporte e a comunicación, e para a promoción da accesibilidade e a mellora da calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Esta normativa levou un importante avance en Galicia, aínda que, despois dos anos que transcorreron desde a súa promulgación, é necesario seguir avanzando para conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, evite a discriminación e favoreza a igualdade de oportunidades para todos os cidadáns, especialmente aquelas persoas que teñan unha discapacidade física, sensorial ou intelectual, as persoas maiores ou as que teñan calquera outra forma de diversidade que leve unha dependencia funcional.

A Constitución española, no seu artigo 9.2, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Por outra banda, no seu artigo 49 establécese que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, a quen prestará a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para o goce dos dereitos que o título I outorga a todos os cidadáns. Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e igualdade dos individuos e os grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Neste senso a Lei 10/2014, de accesibilidade pretende constituír un texto integrador que permita desenvolver, nun corpo normativo único, a diversidade de disposicións de accesibilidade, que unifique, coordine e estableza os criterios de aplicación, execución e control, de acordo cos criterios de proporcionalidade e axustes razoables, no marco das condicións establecidas pola lexislación básica estatal e as directrices internacionais. Todo isto sen perxuízo do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro todavía en vigor e o posterior Real decreto 1056/2014, de 12 de decembro do estado cuxo obxecto é o establecemento, desde o máis absoluto respecto ás competencias autonómicas e municipais, dunhas condicións básicas que garantan a igualdade en todo o territorio para a utilización do cartón de estacionamento, cunha regulación que garanta a seguridade xurídica de calquera cidadán con discapacidade que presenta mobilidade reducida, e que se desprace por calquera lugar do territorio nacional.

O Concello de Guitiriz, como poder público debe, no ámbito das súas competencias, promover a calidade de vida dos seus veciños, especialmente daqueles que se atopan con dificultades, polo que agora toca, para a mobilidade e a accesibilidade no contorno urbano ou no uso dos medios de transporte. Por isto, con esta finalidade afróntase a tramitación, aprobación e aplicación, unha vez vixente, da ordenanza identificada na cabeceira.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 1. OBXECTIVOS.

Esta ordenanza ten por obxecto, fixar os criterios, o procedemento para a concesión e as condicións de uso tanto de tarxetas de estacionamento, como de accesibilidade de usuarios de

transportes públicos, por parte deste Concello de Guitiriz, a favor daquelas persoas que acrediten reunir os requisitos establecidos na normativa de aplicación.

Trátase de establecer un procedemento áxil e eficaz para entregar estes títulos de accesibilidade ós cidadáns que teñen dereito a eles, facilitándolles o exercicio dos seus dereitos.

Naqueles casos en que se acredite unha necesidade específica de tal natureza que o período transitorio de tramitación supoña unha limitación real e efectiva dos seus dereitos á accesibilidade, outorgarase como medida cautelar, unha tarxeta provisional, que caducará ó tempo de rematar a tramitación da respectiva solicitude, de acordo co protocolo establecido no artigo 9 desta ordenanza.

ARTIGO 2. DO FOMENTO DA EXPEDICIÓN DE TARXETAS.

As tarxetas de accesibilidade reguladas no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, no Real Decreto 1056/2014 de 12 de decembro e nesta ordenanza, serán entregadas polo Concello de Guitiriz ás persoas que, acreditando o cumprimento das condicións para a súa recepción, teñan a residencia no Concello de Guitiriz, circunstancia que se comprobará de oficio polo Concello a través da constancia no padrón de habitantes.

O cumprimento das condicións para ser titular de tarxetas de accesibilidade, iniciárase a instancia da persoa interesada.

Os Servizos Sociais do Concello facilitarán toda a información precisa para fomentar a expedición e uso destas tarxetas polas persoas que cumpran as condicións para posuilas.

Farase publicidade destas tramitacións polos medios que se estimen máis axeitados, preferentemente con uso das novas tecnoloxías.

ARTIGO 3. SOBRE A FACILITACIÓN DA ACCESIBILIDADE A PERSOAS TITULARES DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO.

O Concello de Guitiriz ten reservas, con carácter permanente de prazas de aparcamento, debidamente sinaladas para vehículos que transportan ás persoas titulares de tarxetas de accesibilidade.

Estes aparcamentos, actuais e futuros, deben situarse próximos ós accesos peonís, nas zonas de aparcadoiros de vehículos lixeiros, xa sexan interiores ou exteriores.

Tamén no caso de aparcadoiros soterrados deberán existir prazas reservadas para vehículos que transporten a persoas titulares de tarxetas de estacionamento, que se situarán nas zonas de mellor accesibilidade ó exterior, rampas, ascensores e similares.

Os distintos instrumentos de planeamento urbanístico e proxectos de obras públicas darán satisfacción a estes deberes de facilitar a accesibilidade, respetando e mellorando a lexislación sobre supresión de barreiras arquitectónicas.

ARTIGO 4. FOMENTO DA MOBILIDADE A PERSOAS TITULARES DE TARXETAS DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO.

4.1. Procurarase que o transporte colectivo de ámbito municipal, dispoña de reserva de prazas para persoas que sexan titulares de tarxeta de accesibilidade de usuarios de transporte público.

4.2. Promoveranse bonificacións de tarifas nos transportes públicos de competencia municipal, a favor das persoas que sexan titulares destas tarxetas de accesibilidade de usuarios.

4.3. Nos centros de servizo de transporte público, haberá reserva de prazas para persoas que sexan titulares de tarxetas de accesibilidade de usuarios. A estes efectos os plans urbanísticos e os proxectos de actuación deberán contemplar esta reserva de prazas.

CAPÍTULO II. DO PROCEDIMENTO DE EXPEDICIÓN DE TARXETAS DE ACCESIBILIDADE E EFECTOS DA RESOLUCIÓN.

ARTIGO 5.

5.1. O procedemento iniciárase coa solicitude do interesado, en modelo normalizado que lle será facilitado na área de Servizos Sociais do Concello.

5.2. Coa solicitude cumplimentada, a persoa interesada aportará a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do titular da tarxeta.

- Certificado de minusvalidez actualizado e expedido polos equipos de estimación e orientación da Xunta de Galicia (EVO).
- Unha fotografía tamaño carnet.

5.3 De existir algún defecto ou erro sa solicitude, intentarase solventar de oficio; somentes cando non sexa posible arranxar os defectos desde os servizos municipais, se abrirá o trámite de subsanación de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.4. Presentada a solicitude no rexistro xeral do Concello ou nas demais formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, coa documentación requirida, pasarase o departamento de Servizos Sociais para a emisión de informe – proposta no prazo máximo de 15 días. Este informe – proposta elevarase a Alcaldía, co visto e prace da Concellería de área para sometelo á decisión da Xunta de Goberno Local que concederá ou rexeitará, motivadamente, a tarxeta solicitada.

5.5. A resolución será notificada ó interesado, de acordo co procedemento establecido no artigo 40 da Lei 39/2015 de PACAP.

5.6. O procedemento de expedición de tarxetas debe resolverse no prazo de un mes desde que chegue a documentación completa ó Concello.

5.7. No caso de que a calificación da minusvalía sexa permanente, a tarxeta caducará aos dez anos da concesión, e no caso de que a calificación da minusvalía sexa provisional caducará cando transcurra o prazo que esta indique. Para a renovación das tarxetas de accesibilidade aplicarase o mesmo procedemento que para a concesión

Naqueles casos nos que se teña coñecemento na área de servizos sociais de que está próximo a finalizar a vixencia dalgunha destas tarxetas de estacionamento, avisarase ó beneficiario con tres meses de antelación ó seu vencemento, para que comece o proceso de renovación.

CAPÍTULO III. NORMAS ESPECÍFICAS DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO.

ARTIGO 6. TITULARES DAS TARXETAS.

6.1. Poderán obter a tarxeta de estacionamento aquelas persoas físicas que teñan recoñecida oficialmente a condición de persoa con discapacidade, conforme ao establecido no artigo 4.2 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e atópense nalgunha das seguintes situacións:

a) Que presenten mobilidade reducida, conforme ao anexo II do Real Decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

b) Que mostren no mellor ollo unha agudeza visual igual ou inferior ao 0,1 con corrección, ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos, ditaminada polos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade.

A estes efectos será suficiente con aportar o certificado de grao de minusvalía, expedido por equipo EVO, que lle recoñeza o dereito á expedición desta tarxeta. Somentes no caso de non dispoñer desta certificación será preciso o preceptivo informe do EVO, que se tramitará desde o Concello (área de servizos sociais). No suposto de menores de idade aportarase ademais fotocopia compulsada do libro de familia.

6.2 Igualmente poderán obter tarxeta de estacionamento as persoas físicas ou xurídicas titulares de vehículos destinados exclusivamente ao transporte colectivo de persoas con discapacidade que presten servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como os servizos sociais

A estes efectos deberán aportar ademáis da documentación prevista no artigo 5 a seguinte:

- Relación de matrículas de vehículos habilitados para o transporte de persoas con mobilidade reducida así como fotocopia do permiso de circulación compulsada e ficha técnica de cada un dos vehículos
- Documento que acredite a súa personalidade xurídica: escritura de constitución ou modificación, no seu caso, da sociedade mercantil, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se fose preceptiva a dita inscrición; se non o fose, a personalidade acreditarase mediante documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, no que constaren as normas que regulan a súa actividade, inscritos, de ser obrigatorio, no correspondente rexistro oficial.
- D.N.I. do representante da persoa xurídica e poder ou documento que acredite a representación.
- Fotocopia compulsada do CIF.

CAPÍTULO IV. NORMAS ESPECÍFICAS DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS PARA O TRANSPORTE PÚBLICO.

ARTIGO 7. TITULARES DAS TARXETAS.

7.1. Esta tarxeta de accesibilidade de usuarios concederase a persoas con alguna limitación, con carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa situación de discapacidade, para favorecer o uso e goce dos transportes públicos.

7.2. Terán dereito á expedición desta tarxeta de accesibilidade de usuarios todos aqueles interesados ós que se lles recoñeza un grao de minusvalía igual ou superior ó 33% polos equipos de estimación e orientación (EVO) dependentes da sección de cualificación e estimación de minusvalidez.

7.3.- Somentes no caso de non dispoñer desta certificación será preciso o preceptivo informe do EVO, que se tramitará desde o Concello (área de servizos sociais).

CAPITULO V. CONDICIÓN DE USO DAS TARXETAS.

Artigo 8.

8.1.- Calquera das tarxetas de accesibilidade sinaladas, unha vez concedidas, serán asinadas polo titular e deberán plastificarse. Cando se utilicen colocarse (sempre o documento orixinal) na parte dianteira do vehículo, de maneira que unicamente o anverso da tarxeta sexa claramente visible elexible para o seu control.

8.2.- No caso de que a calificación da minusvalía sexa permanente, a tarxeta (estacionamento ou accesibilidade) caducará aos dez anos da concesión, e no caso de que a calificación da minusvalía sexa provisional caducará cando transcurra o prazo que esta indique. As tarxetas orixinais, de estacionamento ou accesibilidade, deberán ser devoltas ó Concello de Guitiriz no momento da súa caducidade, sexa por renovación ou por remate da súa vixencia.

8.3.- A concesión dalgunha das tarxetas de accesibilidade previstas, por parte do Concello de Guitiriz, terán validez en todo o territorio nacional sen perxuízo da súa utilización nos Estados membros da Unión Europea, nos termos que os respectivos órganos competentes teñan establecido en materia de ordenación e circulación de vehículos, conforme o estipulado no art. 4 do Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro.

. Non obstante, no cambio de domicilio do beneficiario dunha tarxeta de accesibilidade, éste solicitará o traslado do expediente ó novo municipio de residencia.

8.4.- A tarxeta de estacionamento expedida a favor e en beneficio dunha persoa particular para a súa utilización en vehículos que use para os seus desprazamentos será persoal e Intransferible e empregada unicamente cando a persoa titular conduza un vehículo ou sexa transportada nel.

8.5.- Se o titular da tarxeta é unha persoa xurídica deberá incluír as matrículas dos vehículos habilitados para o transporte de persoas con mobilidade reducida.

8.6.- As tarxetas axustaranse os modelos establecidos pola comunidade autónoma galega, nos anexos ó Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, sen prexuízo de que no caso de que nun futuro exista un novo modelo establecido pola normativa, se adapte a esta.

8.9.- O interesado titular dalgunha destas tarxetas de accesibilidade facilitará os actos de control e investigación que desenvolva o personal de servizos sociais do Concello, para verificar o cumprimento das condicións da concesión destas tarxetas e tamén do seu bó uso.

8.10.- O uso indebido das tarxetas de accesibilidade contempladas nesta ordenanza, poderá dar lugar a revogación da súa concesión ou autorización, mediante a tramitación dun procedemento no que se garanta a audiencia do afectado e resolución motivada expresa que poña fin a súa tramitación.

CAPÍTULO VI. DAS TARXETAS PROVISIONAIS. .

Art. 9.

9.1 As persoas que non sean posuidoras dun certificado de discapacidade que lles habilite para obter unha tarxeta de estacionamento ou de usuarias de transporte público, pero por razóns de padecemento de enfermidade ou eiva física deducible de informe médico, que o faga merecente, con probabilidade, de obter dos equipos EVO tales certificacións, poderán obter una tarxeta ou título provisional de accesibilidade.

9.2.- Este título provisional poderá outorgarse por resolución da alcaldía ou ben, por súa delegación, pola Xunta de Goberno Local, previo informe favorable da área de servizos sociais do Concello, visado pola Concellería delegada, no que se aprecien as circunstancias sociais que aconsellan a anticipación cautelar do outorgamento deste título.

9.3. Ademais das condicións establecidas nos dous parágrafos que preceden, será condición necesaria para a autorización dunha tarxeta de accesibilidade provisional, que se solicite o recoñecemento da minusvalía por equipo EVO. Esta autorización provisional ten a natureza dunha medida cautelar das previstas nos 56 da lei 39/2015 de PACAP

9.4.- A autorización e tarxeta provisional que a reflicte , terá unha duración máxima dun ano, podendo prorrogarse por un período igual, sempre que se manteñan as condicións iniciais de otorgamento.

Decaerá e perderá todos os seus efectos, no momento en que se resolva, de xeito desfavorable, a solicitude de recoñecemento de minusvalía polo equipo EVO, con competencia para expedición destas tarxetas de accesibilidade.

No suposto de que a resolución do equipo EVO, sexa favorable, a autorización e tarxeta provisional será substituída pola que proceda.

9.5.- A estas tarxetas provisionais seranlles de aplicación os dereitos, obrigas e condicións de uso regulados nesta norma, durante o tempo que dure a súa concesión

DIPOSICIÓN ADICIONAL.

Para os efectos de aplicar o artigo 4 desta ordenanza, sobre a a promoción da mobilidade no transporte público, o goberno municipal, entablará negociacións cos empresarios do sector e as outras administracións públicas para acadar os fins establecidos en tal precepto.

No transporte municipal implantado ou que poda implantarse no futuro, en servizos sociais especializados, tales como centro de día e semellantes, establecerase algunha praza para persoas que sufran algunha minusvalía determinante do dereito á titularidade destas tarxetas.

DIPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de 9 artigos, unha disposición adicional unha final e outra derogatoria, unha vez aprobado polo Concello-Pleno de Guitiriz e elevado a acordo definitivo, entrará en vigor cando se publique o seu texto íntegro no BOP, e unha transcurra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A presente ordenanza deroga a anterior ordenanza reguladora da expedición das tarxetas de estacionamento e tarxetas de accesibilidade, segundo o establecido na Lei 8/97 do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade autónoma galega.